



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 655



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAM PROMOCIONA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Secretariado Gitano (FSG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería de Política Social e a mencionada Fundación para o desenvolvemento do Programa Promociona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para contribuír ao financiamento do desenvolvemento do Programa Promociona, que ten como finalidade promover a finalización dos estudos obrigatorios e a promoción do alumnado xitano a estudos postobrigatorios para acadar unha redución do abandono escolar que presenta gran parte da comunidade xitana. O carácter singular deste instrumento sen convocatoria pública xustifícase na exclusión da concorrència pois a devandita entidade é a única que desenvolve o programa de apoio ás familias xitanas, resultando que a especificidade das actuacións para levar a cabo o proxecto fai que non sexa posible promover a concorrència dunha subvención para tal fin.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 655

galicia

A FSG é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que ten entre as súas funcións a da promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións coas familias que presentan dificultades no acceso e permanencia na formación educativa regrada, colectivo dentro do ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 29 de maio de 2017

